

1º CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL EN MEIRA 2024



Este “1º Concurso de Postais de Nadal en Meira. 2024” está organizado polas asociación meiregas coa colaboración do Concello de Meira.

As bases polas que se rexerá dito Concurso son as seguintes:

- **Primeira:**

Poderán participar todas as persoas interesadas, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos.

- **Segunda:**

Establécese 1 única categoría, podendo participar calquera persoa sen importar a idade.

- **Terceira:**

A participación deberá ser individual, de maneira que non se aceptarán postais de grupo ou colectivas. Valorarase a presentación, o esforzo e a orixinalidade da postal, así como o contido da mensaxe. A temática debe estar relacionada co Nadal e co concello de Meira. A obra presentada debe ser orixinal e de propiedade e autoría da persoa que participa.

- **Cuarta:**

As postais terán as seguintes dimensións: A5 por unha soa cara (metade dun folio ou cartolina, que quen queira poderá recoller este material na Oficina de Turismo de Meira). Pode empregarse a técnica que cada participante considere oportuna, pero deberán incluír unha mensaxe de felicitación de Nadal en lingua galega.

- **Quinta:**

Aceptarase como máximo unha postal por participante.

- **Sexta:**

As persoas concursantes depositarán as súas postais en sobre pechado unicamente con pseudónimo na caixa de correo (buzón) que se colocará diante do Centro (a carón do Paseo Central) antes do mércores 27 de novembro. No interior do sobre pechado debe ir en sobre pechado tamén e co mesmo pseudónimo por fóra, os datos de

contacto da persoa autora da postal (nome, apelidos e teléfono de contacto) que só se abrirá o sobre interior no que se incorporan os datos de contacto no caso de que resulte gañador/a do presente concurso. Na parte posterior da postal figurará o título da obra e o pseudónimo empregado na identificación do sobre.

En caso de ser menores de idade, deberán incluír no sobre dos datos persoais o ANEXO 1 cuberto e asinado.

- **Sétima:**

O xurado elixirá o gañador de entre todas as postais participantes, e darase a coñecer o venres 29 de novembro ás 19:00h. no mesmo lugar onde se depositaron: O Centro. Ese día farase a inauguración da decoración de Nadal así como o acendido do alumeado no concello de Meira. Neste acto haberá un Concerto de Panxoliñas. As postais participantes estarán expostas no dito local.

- **Oitava:**

Avisarase ao gañador ou gañador o día no que se reúna o xurado e escolla a postal gañadora (o xoves 28 de novembro). Indicaráselle así mesmo da necesidade de acudir á recollida do premio, e en caso de ser menor, a obrigatoriedade de ir acompañado por un proxenitor-a ou titor-a legal.

- **Novena:**

Coa aceptación do premio, o/a gañador/a consinte na cesión dos dereitos ao Concello de Meira sobre a obra presentada a concurso. O gañador/gañadora poderá asinar a postal (Anexo 2).

A postal gañadora será utilizada para realizar a postal de Felicitación de Nadal do Concello, así como das asociacións meiregas participantes na organización do concurso que así o desexen. Tamén será impresa en tamaño postal, para que calquera persoa que desexe obtela poida facelo. Estarán a disposición na Oficina de Turismo de Meira. Serán gratuítas e poderanse obter un máximo de 5 postais por persoa.

- **Décima:**

Os datos persoais serán tratados de acordo coas bases do concurso. Conforme ao establecido no RXPD e na LOPDGDD, informámoslle que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Meira. Os seus datos persoais serán empregados soamente no caso

de que resulte gañador ou gañadora do concurso dado que en caso contrario o Concello de Meira so tratará o pseudónimo incorporado no sobre principal.

| | |
|---------------------------------------|--|
| Tratamento | XESTIÓN DE CONCURSOS E CERTAMES: CONCURSO POSTAIS NADAL |
| Responsable de tratamento | Concello de Meira, Praza do Concello, s/n, CP 27240, Meira. correo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es ; teléfono: 982330102 |
| Datos Delegado de Protección de Datos | Nome do Delegado de Protección de Datos: LHL Consultores (Laura Huerta Lejo) Correo electrónico: dpd@lhlconsultores.com |
| Finalidade y prazos de conservación | Xestión da participación, desenvolvemento e entrega de premios no concurso de postais de Nadal para dinamizar a actividade cultural e empresarial do Concello. Os datos proporcionados polo gañador/a conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que foron solicitados e para determinar posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e/o tratamento de datos. Os datos do resto dos participantes no concurso non serán recollidos de ningún xeito e os sobres nos que se incorporen serán destruídos unha vez se adxudiquen os premios. Os seus datos non serán utilizados para elaborar decisións automatizadas. |
| Lexitimación del tratamento | A base legal para o tratamento dos seus datos é o consentimento expreso e explícito que facilitou na aceptación das bases para a participación no concurso organizado polo Concello. |
| Destinatarios dos datos | Ás administracións públicas con competencia na materia, e os datos persoais do gañador/a tamén poderán comunicarse a empresas e/ou profesionais que poidan participar na xestión e que terán a condición de encargados de tratamento. Non están previstas transferencias internacionais de terceiros dos seus datos. |
| Dereitos das persoas interesadas | <u>Dereito de acceso</u> : pedir información dos datos persoais que dispoñamos acerca de vostede. <u>Dereito de rectificación</u> : comunicar calquera cambio nos seus datos persoais. <u>Dereito de supresión ou esquecemento</u> : en algúns casos, solicitar a eliminación, previo bloqueo dos datos persoais. <u>Dereito de limitación ao tratamento</u> : en algúns casos, solicitar a restrición do tratamento dos seus datos. <u>Dereito á portabilidade</u> : nalgúns casos, pedir unha copia dos seus datos persoais nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica para a súa transmisión a outro responsable. <u>Dereito a non ser obxecto de decisións individualizadas</u> : nalgúns casos, solicitar que non se tomen decisións que se baseen unicamente no tratamento automatizado, incluíndo a elaboración de perfís, que produza efectos xurídicos ou lle afecten significativamente. <u>Dereito a retirar o seu consentimento</u> : nalgúns casos, en calquera momento, sen que iso anule a lexitimación dos tratamentos que se efectuaron desde que se outorgou o consentimento ata que vostede retiráralo. Para máis información de como poder exercitar os seus dereitos diríxase ao Rexistro de Entrada do Concello de Meira sito na dirección arriba indicada, ou pode levar a cabo dita acción a través dos formularios que a entidade pon á súa disposición na sede electrónica do Concello. Se considera que algún dos dereitos anteriormente mencionados non foi respectado, vostede terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos. (https://www.agpd.es/portalwebAGPD/index-ides-idphp.php). |

- **Undécima:**

O xurado estará composto por:

- 1 representante do Concello (Escola da Música de Meira)
- 1 representante do Meira F.C.
- 1 representante do Clube de Bolos "O Carballal"
- 1 representante da Asoc. Xubilados e Pensionistas de Meira
- 1 representante da Asoc. Amigos da Malla de Meira

- **Duodécima:**

A participación no concurso implica a aceptación destas bases, que poderán ser interpretadas polos organizadores naqueles aspectos non previstos nas mesmas.

A decisión do xurado será inapelable.

OBSERVACIÓNS:

O Concello de Meira queda facultado para introducir algunha modificación na postal premiada, se existise algunha dificultade técnica para a súa impresión ou para introducir algún texto ou logotipo que non figure inicialmente nestas bases.

CESIÓN DOS DEREITOS DE AUTOR E PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS:

Todas as obras que non fosen reclamadas dentro do prazo establecido nestas bases, pasarán a ser propiedade do Concello de Meira, que poderá expoñelas, publicalas e editalas en forma de material divulgativo en calquera acción que realiza, facendo constar o pseudónimo do seu autor-a.

Os participantes responsabilízanse na súa totalidade de que non existen dereitos de terceiros, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe.

En Meira, a 11 de novembro de 2024.

Anexo 1.

1º Concurso de postais de Nadal en Meira. 2024.

AUTORIZACIÓN A PARTICIPAR PARA MENORES DE IDADE.

D./Dna. :

Con D.N.I.:

Como pai/nai/titor-a legal de

Conanos de idade, autorízoo/a a participar no
1º CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL EN MEIRA. 2024 e confirmo
que lin e acepto as bases para a convocatoria deste concurso.

“Autorizo expresamente o tratamento dos datos do menor ao meu
cargo para a súa participación no Concurso de Postais de Nadal de
Meira” .

| | |
|---------------------------------------|---|
| Tratamento | XESTIÓN DE CONCURSOS E CERTAMES: CONCURSO POSTAIS NADAL |
| Responsable de tratamento | Concello de Meira, Praza do Concello, s/n, CP 27240, Meira. correo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es ; teléfono: 982330102 |
| Datos Delegado de Protección de Datos | Nome do Delegado de Protección de Datos: LHL Consultores (Laura Huerta Lejo) Correo electrónico: dpd@lhlconsultores.com |
| Finalidade y prazos de conservación | Xestión da participación, desenvolvemento e entrega de premios no concurso de postais de Nadal para dinamizar a actividade cultural e empresarial do Concello. Os datos proporcionados polo gañador/a conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que foron solicitados e para determinar posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e/o tratamento de datos. Os datos do resto dos participantes no concurso non serán recollidos de ningún xeito e os sobres nos que se incorporen serán destruídos unha vez se adxudiquen os premios. Os seus datos non serán utilizados para elaborar decisións automatizadas. |
| Lexitimación del tratamento | A base legal para o tratamento dos seus datos é o consentimento expreso e explícito que facilitou na aceptación das bases para a participación no concurso organizado polo Concello. |
| Destinatarios dos datos | Ás administracións públicas con competencia na materia, e os datos persoais do gañador/a tamén poderán comunicarse a empresas e/ou profesionais que poidan participar na xestión e que terán a condición de encargados de tratamento. Non están previstas transferencias internacionais de terceiros dos seus datos. |
| Dereitos das persoas interesadas | <u>Dereito de acceso</u> : pedir información dos datos persoais que dispoñamos acerca de vostede. <u>Dereito de rectificación</u> : comunicar calquera cambio nos seus datos persoais. <u>Dereito de supresión ou esquecemento</u> : en algúns casos, solicitar a eliminación, previo bloqueo dos datos persoais. |

| | |
|--|--|
| | <p><u>Dereito de limitación ao tratamento:</u> en algúns casos, solicitar a restrición do tratamento dos seus datos.</p> <p><u>Dereito á portabilidade:</u> nalgúns casos, pedir unha copia dos seus datos persoais nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica para a súa transmisión a outro responsable.</p> <p><u>Dereito a non ser obxecto de decisións individualizadas:</u> nalgúns casos, solicitar que non se tomen decisións que se baseen unicamente no tratamento automatizado, incluíndo a elaboración de perfís, que produza efectos xurídicos ou lle afecten significativamente.</p> <p><u>Dereito a retirar o seu consentimento:</u> nalgúns casos, en calquera momento, sen que iso anule a lexitimación dos tratamentos que se efectuaron desde que se outorgou o consentimento ata que vostede retiráralo.</p> <p>Para máis información de como poder exercitar os seus dereitos diríxase ao Rexistro de Entrada do Concello de Meira sito na dirección arriba indicada, ou pode levar a cabo dita acción a través dos formularios que a entidade pon á súa disposición na sede electrónica do Concello.</p> <p>Se considera que algún dos dereitos anteriormente mencionados non foi respectado, vostede terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos. (https://www.agpd.es/portalwebAGPD/index-ides-idphp.php).</p> |
|--|--|

En, a de novembro de 2024.

Asdo.

Anexo 2.

Información para o gañador/a:

1º CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL EN MEIRA. 2024
AUTORIZACIÓN DE TRATAMENTO DE IMAXES.

D./Dna.:.....

Con D.N.I.:.....

Como pai/nai/titor-a legal de

.....

Conanos de idade, autorízoo/a a participar no
1º CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL EN MEIRA. 2024 e confirmo
que lin e acepto as bases para a convocatoria deste concurso.

Uso de fotografías e vídeos: coa finalidade de promover a
actividade desenvolvida polo Concello de Meira, gustaríanos contar
co seu consentimento para a toma e publicación de imaxes e/ou
vídeos nos que poida aparecer o menor ao seu cargo, de ser o caso,
para á súa publicación tanto na páxina web oficial do Concello, nos
perfis abertos pola entidade nas redes sociais e/ou en publicacións
que se poidan chegar a realizar en soporte papel e/ou en medios de
comunicación sobre as actividades organizadas polo Concello. Por
favor marque la casinha que se axuste, en cada caso, aos permisos
que queira darnos.

FOTOGRAFÍAS/VIDEOS MENORES

Si, dou o meu consentimento para que se publiquen imaxes e/ou
vídeos nos que poida aparecer eu ou, no seu caso, o menor ao meu
cargo a través das canles mencionadas.

Non dou o meu consentimento para que se publiquen imaxes
e/ou vídeos nos que poida aparecer eu ou, no seu caso, o menor ao
meu cargo.

(segue na seguinte páxina)

| | |
|---------------------------------------|--|
| Tratamento | XESTIÓN DE CONCURSOS E CERTAMES: CONCURSO POSTAIS NADAL |
| Responsable de tratamento | Concello de Meira, Praza do Concello, s/n, CP 27240, Meira. correo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es ; teléfono: 982330102 |
| Datos Delegado de Protección de Datos | Nome do Delegado de Protección de Datos: LHL Consultores (Laura Huerta Lejo) Correo electrónico: dpd@lhlconsultores.com |
| Finalidade y prazos de conservación | Xestión da participación, desenvolvemento e entrega de premios no concurso de postais de Nadal para dinamizar a actividade cultural e empresarial do Concello. Os datos proporcionados polo gañador/a conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que foron solicitados e para determinar posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e/o tratamento de datos. Os datos do resto dos participantes no concurso non serán recollidos de ningún xeito e os sobres nos que se incorporen serán destruídos unha vez se adxudiquen os premios. Os seus datos non serán utilizados para elaborar decisións automatizadas. |
| Lexitimación del tratamento | A base legal para o tratamento dos seus datos é o consentimento expreso e explícito que facilitou na aceptación das bases para a participación no concurso organizado polo Concello. |
| Destinatarios dos datos | Ás administracións públicas con competencia na materia, e os datos persoais do gañador/a tamén poderán comunicarse a empresas e/ou profesionais que poidan participar na xestión e que terán a condición de encargados de tratamento. Non están previstas transferencias internacionais de terceiros dos seus datos. |
| Dereitos das persoas interesadas | <u>Dereito de acceso</u> : pedir información dos datos persoais que dispoñamos acerca de vostede. <u>Dereito de rectificación</u> : comunicar calquera cambio nos seus datos persoais. <u>Dereito de supresión ou esquecemento</u> : en algúns casos, solicitar a eliminación, previo bloqueo dos datos persoais. <u>Dereito de limitación ao tratamento</u> : en algúns casos, solicitar a restrición do tratamento dos seus datos. <u>Dereito á portabilidade</u> : nalgúns casos, pedir unha copia dos seus datos persoais nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica para a súa transmisión a outro responsable. <u>Dereito a non ser obxecto de decisións individualizadas</u> : nalgúns casos, solicitar que non se tomen decisións que se baseen unicamente no tratamento automatizado, incluíndo a elaboración de perfís, que produza efectos xurídicos ou lle afecten significativamente. <u>Dereito a retirar o seu consentimento</u> : nalgúns casos, en calquera momento, sen que iso anule a lexitimación dos tratamentos que se efectuaron desde que se outorgou o consentimento ata que vostede retiráralo. Para máis información de como poder exercer os seus dereitos dirixase ao Rexistro de Entrada do Concello de Meira sito na dirección arriba indicada, ou pode levar a cabo dita acción a través dos formularios que a entidade pon á súa disposición na sede electrónica do Concello. Se considera que algún dos dereitos anteriormente mencionados non foi respectado, vostede terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos. (https://www.agpd.es/portalwebAGPD/index-ides-idphp.php). |

Organizadores:

Agrupación de Voluntarios de Protección Civil,
Asociación de Amas de Casa "Río Miño",
Asociación Amigos da Malla de Meira,
Asociación de Nais e Pais do Ceip Poeta Avelino Díaz de Meira,
Asociación de Nais e Pais do IES Pedregal de Irimia de Meira,
Asociación Carrilanas Os Meiregos,
Asociación Cofradía Nosa Señora do Pedregal,
Asociación Cultural Airiños do Miño,
Asociación Cultural Avelino Díaz,
Asociación Cultural Eme de Meira,
Asociación Cultural Trailará,
Asociación de Mulleres Rurais de Meira,
Asociación de Xubilados e Pensionistas de Meira,
Asociación O Pedregal,
Clube de Bolos "O Carballal",
Clube Ciclista Meira,
Clube de Baloncesto Vila de Meira,
Comisión de Festas de Meira 2025,
Meira Fútbol Clube,
Parroquia de Meira e
Concello de Meira.